

POBOACIÓN E ESTRUCTURA SOCIAL Ó LONGO DO CAMIÑO DE FERROL E NEDA A FISTERRA

José Leira López
Profesor de Socioloxía
Universidade da Coruña

A presente investigación está centrada en doce municipios que recorre o Camiño de Santiago, na andaina que vai dende Ferrol e Neda a Compostela, continuando ata alcanzar o antigo Finisterrae, ó que se achegaban os peregrinos medievais.

Desexamos clarexar que nun nivel metodolóxico, técnico e organizativo, optamos por realizar unha análise por separado de cada un dos concellos obxecto do noso estudo, a saber: Ferrol, Neda, Fene, Ponte-deume, Betanzos, Mesía, Ordes, Santiago, Negreira, Corcubión, Fisterra e Muxía. Ó longo do propio traballo levaremos a cabo as sempre necesarias referencias comparativas, así como toda unha serie de consideracións referidas á poboación e á estrutura socioeconómica desta área de Galicia. Vémonos na obriga de explicitar que realizamos a nosa investigación dende uns modelos abertos que nos permitisen observar cómo determinados rasgos, que xeralmente aparecen nas imaxes típicas e tópicos, que se amosan sobre Galicia están cambiando e que —aínda que lentamente— os procesos de modernización estanse a introducir na sociedade galega.

FERROL

Non é Ferrol, historicamente, un dos concellos máis vencellados ó Camiño de Santiago, pero sí cumpre o feito de ser o lugar onde partiu, nesta ocasión, o Curso-Itinerante «Aulas no Camiño». De tódolos xeitos, temos que dicir que nunha proxección de futuro, Ferrol pode ser un porto que aspire a convertirse en punto de atraque de barcos que se acheguen á nosa costa para, posteriormente, os seus ocupantes dirixirse a pé a Compostela. E sería entón cando, o paso dos séculos, o convertan en parte integrante da peregrinación a Santiago que provén das rotas marítimas.

Tras esta premisa explicativa podemos internarnos no estudio da poboación e estrutura socioeconómica deste Concello.

A cidade de Ferrol asómase á ría do mesmo nome, formando un magnífico porto; marcou esta circunstancia, en gran medida, a súa evolución e a conformación da súa estrutura económica e social.

É no século XVIII cando Ferrol adquire a forma que determinará a súa configuración e o seu crecemento. É nesta etapa cando se converte en sede do Departamento Marítimo, finalízase a construción do estaleiro e principianse as obras do Arsenal. A comezos do século XX créase a Sociedad Española de Construcción Naval, que se fai co control dos estaleiros. Na década dos corenta Ferrol recibe un forte empuxe co fortalecemento da industria naval e a posta en funcionamento da Empresa Nacional Bazán. Xurden tamén outras pequenas e medianas empresas, como Pisbe, Peninsular Maderera e Fenya. Todo este proceso logrou o crecemento da cidade. Pero é a partires dos anos sesenta, coa creación de ASTANO, no veciño municipio de Fene, e co nacer de numerosas empresas auxiliares, cando Ferrol e a súa bisbarra alcanzan o seu maior pulo, que conleva unha forte dinámica social.

Nas últimas décadas, Galicia responde a unha dominante urbana e a súa articulación interna ven referida polas súas sete grandes cidades. Ferrol é o núcleo principal do extremo noroeste galego e funciona como centro aglutinador para a poboación dun amplo territorio. A nosa cidade reflicte perfectamente o impulso que todo o urbano experimentou en Galicia dende a década dos sesenta, e a súa expansión industrial convertiuna nun centro de atracción demográfico e nunha das comunidades urbanas máis dinámicas do país, ata comezos dos anos oitenta.

A finais da década dos setenta comenza a crise do sector naval, produto de diversos avatares internacionais que España non foi capaz de afrontar coa necesaria competitividade e reestruturación. E foi entón cando ese monocultivo industrial ferrolán, xunto coa consideración periférica de Ferrol –aloxada (e desdeixada) de todo centro de poder (central ou autonómico)–, o que nos conduciu á constatación dunha excesiva dependencia externa; agudizada, se temos en conta que as forzas endóxeas eran moi febles. Así, atopámonos cuns anos oitenta, onde o proceso de declive é palpable co transcurso de cada ano. Prodúcese unha forte reconversión naval (con milleiros de parados e prexubilados) e trasládase a Comandancia de la Flota ó Sur. Perde así Ferrol poboación, debido a un fluxo migratorio negativo e unha baixa na súa taxa de natalidade. A nosa bisbarra consegue ser declarada, primeiro, Zona de Urgente Industrialización e, posteriormente, Zona Industrial en Declive. Xurden propostas, como a da Fábrica de Vidrio, que non chegan a callar, e deixan nas xentes un pouso de amargura e frustración. Debemos dicir que a presenza dunha economía tradicional (propia duns traballadores simbióticos) e a axuda dos grupos primarios (familias extensas e amigos) foron factores e axentes que axudaron a paliar a grave situación económica na que se viron envoltos moitos ferroláns.

De tódolos xeitos, non queremos deixar unha mensaxe pesimista. Ferrol conta cuns recursos humanos moi sólidos e ben capacitados, e posúe a capacidade suficiente para poder levar a cabo un proceso de diversificación industrial que inicie o despegue da nosa bisbarra. Sería preciso a tal fin que se rematen canto antes unhas axeitadas e rápidas vías de comunicación. Tampouco debemos esquecer o crecemento do noso Campus Universitario, que –hoxe por hoxe– constitúe un dos sectores que máis están contribuindo á rentabilización da nosa cidade.

Este municipio ten unha superficie de 81'9 km.², e conta cunha poboación de 83.048 habitantes, segundo o avance de resultados do Padrón Municipal de 1996. A súa densidade de poboación era de 1062'7 hab./km² en 1982, reducíndose ata 1006'4 hab./km², en 1991. Como vemos reflíctese claramente o negativo saldo migratorio da década dos oitenta. Parece que nos últimos cinco anos podemos falar dunha certa estabilización a nivel poboacional, se temos en conta que a densidade, segundo o Padrón Municipal, era en 1996 de 1006'5 hab./km². Outro dato desta

estabilización ven proporcionado por un crecemento absoluto de tres habitantes entre o 91 e o 96, período que amosa un saldo migratorio positivo (1574) e un crecemento vexetativo negativo (-1571). Debemos dicir que os índices de natalidade deste período son moi pequenos, situándonos por baixo das medias galega e española. Temos que salientar o envellecemento da poboación, cunha porcentaxe de 21'5% para os maiores de sesenta anos, situándonos por enriba dos outros dous fortes núcleos urbanos da provincia, A Coruña (18'2%) e Santiago (16'2%), así como da media provincial (20'6%).

Se temos en conta os indicadores de estudio realizados (Cadro IV), atopamos que superamos amplamente a media galega nos estudos de segundo grao, e case a dobramos nas diplomaturas, licenciaturas e outros estudos superiores, o que ven a confirmarnos o que, anteriormente, dicíamos respecto a dispor dun capital humano capacitado para poder facer fronte a calquera tipo de diversificación no sector industrial ou de servicios.

En canto á distribución da poboación ocupada por actividade económica, amósasenos un cadro que resumiríamos nos seguintes datos: un 1'4% que se adican á agricultura e que se corresponde coas parroquias rurais (Cobas, San Xurxo, Esmelle e Doniños), un baixísimo 1'7% á pesca, un 26'8% atopámolo na industria e un 64'2% no sector servicios. Tamén debemos destacar ese 6'9% que aparece no ramo da construción e que logrou un bo nivel no equipamento de vivendas.

En canto ó sector industrial, este segue a ser moi importante, aínda que hai que dicir que unha parte moi significativa atópase localizado fóra do propio concello, en municipios limítrofes. Debemos aquí recalcar o que xa dixemos antes, e que determinou a febleza do tecido industrial ferrolán: un monocultivo industrial e a excesiva dependencia do capital dos poderes públicos.

No sector servicios encontrámonos cun rotundo 64'2%, e que parece estar en expansión. Debemos lembrar que Ferrol conta cunha área de influencia de máis de duascenas mil persoas, constituíndo un núcleo comercial e de servicios diversos. Ó noso xuízo os empresarios ferroláns deben saber dispensar os servicios de tecnoloxía e asesoramente que a sociedade de hoxe precisa e demanda.

Se botamos unha ollada á distribución da poboación ocupada segundo o sexo (Cadro VI), vemos que Ferrol atópase na liña das demais cidades

que forman o entramado urbano galego, cunha proporción aproximada de sete homes por cada tres mulleres.

Non queremos deixar pasar por alto o feito de que o noso concello conta cuns recursos de elevado nivel paisaxístico. Temos unha cidade que presenta un trazado que data da época de Carlos III, e que a fai singular dentro de Galicia (aínda que precise dun Plan Especial de atención a este patrimonio). Contamos, tamén, cunha ría e unha gran variedade de praias que deben facer posible unha forte puxanza no sector turístico. Coidamos que coa consecución dunhas boas vías de comunicación este potencial sexa convintemente aproveitado. Hai tamén determinadas celebracións que están inmersas na tradición ferrolá e que poden servir de punto de atracción para os foráneos, como é o caso da Semana Santa que (xunto coa de Viveiro) é a máis importante en desfiles procesionais de toda Galicia.

Con respecto ó coñecemento do idioma galego (Cadro VII), vemos que o entende a práctica totalidade da poboación, mentres que as proporcións descendeen para quenes saben falalo (o 80'8%), leno (50'5%) ou escríbeno (31'1%). En canto ó seu uso (Cadro VIII), un 13'3% din falar «sempre» en galego, un 64'1% «ás veces» e un 15'1% manifesta non utilizalo «nunca». É aquí, no uso, onde atopamos uns baixos índices no noso municipio, por debaixo dos de tódolos demáis analizados neste estudio. Se cadra, debemos de lembrar que Ferrol é capitalidade de Departamento Marítimo e que, ata hai pouco, atraía xentes de lugares moi distintos e alleos a Galicia.

Por último, non queremos finalizar sen deixar constancia dun forte tecido asociativo no noso municipio; os índices de participación en asociacións de todo tipo (políticas, sindicais, culturais, recreativas, deportivas, etc.) son moi significativos, e fixeron que Ferrol fose, dende hai varias décadas, unha escola viva de exercicio democrático e de debate. Os procesos de modernización desenvolvéronse axiña na nosa área.

NEDA

En Neda atopámonos co «Camino Real», que era utilizado polos peregrinos que se dirixían a Santiago de Compostela e ó Santuario de San Andrés de Teixido. Para poder atendelos nas súas necesidades construíuse un Hospital onde hoxe se atopa a actual Casa do Concello.

Neda sitúase na parte máis interna da Ría de Ferrol, e consta de tres zonas claramente diferenciadas: unha máis montañosa, por onde se abre paso o río Beelle, outra máis central, formada por un val que ven enmarcado polos montes de Ancos e Marraxón, e unha terceira apegada á costa, na que se asenta a maior porcentaxe de poboación.

A superficie deste municipio é de 23'8 km², e está estruturada en catro parroquias. A súa poboación é de 6.221 habitantes, segundo o avance de resultados do Padrón Municipal de 1996. En canto á evolución demográfica, temos que constatar que nos últimos quince anos ven perdendo poboación de forma paulatina, tal e como nos amosan as densidades poboacionais: en 1981 temos 289'0 hab./km², 269'1 hab./km² en 1991 e para 1996 este dato baixa a 259'3 hab./km². No período 1991-96 prodúcese un crecemento vexetativo negativo, con igual signo para o saldo migratorio, o que proporciona un crecemento absoluto de menos de 235 habitantes. Como factores explicativos aparecen a perda de centralidade que supuxo a construción da Ponte das Pías, na década dos setenta, o que permitiu saír de Ferrol sen pasar, obrigatoriamente, por Neda. Tamén debemos dicir que moitos dos seus habitantes comenzaron a traballar na cosntrucción naval, o que fixo que algúns se fosen a outros municipios máis próximos ós estaleiros, e que sufrisen a posterior crise deste sector, coa conseguinte baixa nos índices de poboación por un fluxo migratorio negativo e unha tasa de natalidade decrecente. Así mesmo, é preciso salienta o progresivo envellecemento da súa poboación, no ano 1991 un 22'9% tiña máis de sesenta anos, o que nos sitúa por enriba das medias provinciais e galegas.

Se temos en conta os indicadores de estudio realizados (Cadro IV), vemos que un 3'3% decláranse analfabetos, un 34'8% din non contar con ningún tipo de formación regrada, un 33'2% e un 25'8% manifestan, respectivamente, estudos de primeiro ou segundo grao. En canto ós estudos correspondentes a diplomaturas aparece un 1'6%, mentres que para licenciados e outros tipos de formación superior amósase un 1'3%. Podemos observar que a partires do segundo grao (mesmo con este incluído) as porcentaxes son menores que as medias da provincia e do total de Galicia. Se temos en conta que na sociedade de hoxe a formación é fundamental para acceder ó actual mercado de traballo, parece que podemos concluir que os recursos humanos de Neda resultan escasamente competitivos.

Se analizamos a poboación ocupada, por sectores de actividade económica (Cadro V), atopamos un 5'4% na agricultura, un 40'9% no sector industrial, un 10'9% na construción e un 42'3% nos servicios. Neste punto debemos lembrar de novo a perda que supuxo para Neda a construción da Ponte das Pías, que estancou o crecemento deste municipio ó quedar nunha situación de febleza dentro da área periurbana de Ferrol. Nas dúas últimas décadas, volvéronse a traballar a tempo parcial algunhas das terras por parte de persoas que se adicaban anteriormente ó traballo industrial nos estaleiros, ó cal nos ven a refrendar que o campo, e tamén as familias extensas, serviron como amortecedores do duro proceso de reconversión naval. Podemos dicir que socioeconómicamente Neda atópase no umbral que divide o rural e o urbano. As principais empresas enclavadas no municipio dedícanse á confección, madeira, fundición e construción. Paga a pena salientar o sector panadeiro, que fornece a unha boa parte da comarca ferrolá, ademáis de gozar dun merecido e ben gañado prestixio.

Non quixéramos esquecer a importancia que pode adquirir neste concello o turismo rural. A restauración do Pazo de la Merced, convertido en aloxamento deste tipo de turismo, e a súa inclusión nos circuitos que ten deseñados a Comunidade Autónoma pode supoñer, xunto con outras iniciativas, un impulso para este municipio. Sobre todo se pensamos que os recursos paisaxísticos son importantes, tales como o monte de Ancos, o salto de auga da Fervenza e a Área Recreativa Maciñeira. Todo o antedito pode permitir o establecemento duns fermosos itinerarios de sendeirismo.

En canto ó coñecemento do galego (Cadro VII), diremos que o entenden e sabeno falar case a totalidade da poboación, mentres que o len a metade e escribenu unha terceira parte. Tocante ó seu uso, o cadro que elaboramos amósanos que un 44'2% falan sempre en galego, un 45'4 por cento ás veces e somentes un 8'8% manifesta non utilizalo nunca.

Quixéramos rematar cunha reflexión, a poboación de Neda está a sufrir os reaxustes do declive da comarca ferrolá, cun alto índice de paro e prexubilados; e o seu futuro vai estar xunguido ás solucións que se apliquen á crise que está padecendo o propio Ferrol.

FENE

Estamos diante dun municipio que a partires do comenzo da década dos corenta, liga o seu desenvolvemento ós avatares dos estaleiros de Astano. Cando éste despega, arrodeado de toda unha serie de compañías auxiliares, Fene entra nun proceso de crecemento e modernización, ó que contribuiu (cun signo diametralmente oposto ó de Neda) a posta en marcha da Ponte das Pñas que o achegaba e unía con Ferrol. Alcanza o cumio na década dos setenta, cando se constrúen os grandes petroleiros e o fluxo migratorio era positivo e de franxas xóvenes, tal como se percibe nas pirámides de idade. Pero este fenómeno crebou por mor dos problemas do petroleo e da competencia que supuxo a entrada de certos países asiáticos no mercado da construción naval, o que conduciu a que este municipio se mergullase na profunda crise xenerada.

Este concello conta cun territorio de 25'9 km.² e a súa poboación, segundo o padrón de 1996, era de 15.010 habitantes. Esta estruturado en oito parroquias: Magalofes, Limodre, Sillobre, Barallobre, Perlío, Maniños, Fene e San Valentín. As tres primeiras son máis rurais e as restantes podemos consideralas semiurbanas ou urbanas. Na década dos oitenta perdeu poboación, pola crise e a forte baixa nos índices de natalidade, aínda que mantivo sempre unhas altas densidades poboacionais, contando na actualidade con 550'3 hab./km² unha tendencia á estabilización, como o demostra o crecemento absoluto positivo en vinteunha persoas entre os anos 1991 e 1996. A súa poboación maior de sesenta anos sitúase nun 18'0%.

En canto ó indicador de estudos realizados (Cadro IV), atopámonos, segundo o cadro correspondente, cos seguintes datos: un 1'6% de analfabetos, un 20'5% que manifestan non ter estudos, un 39'7% cunha formación de primeiro grao, un 34'3% de segundo grao e un 2'1% e 1'8%, respectivamente, para as diplomaturas e os estudos superiores. Estas dúas últimas cifras seguen a estar por debaixo das medias provinciais e galegas. Se fixéramos a diferenciación por parroquias netamente rurais e as urbanas ou semiurbanas, os índices das primeiras serían notablemente máis baixos, o que nos ven a demostrar que os procesos normativos correlaciónanse claramente co tipo de hábitat do que estamos a falar.

Se entendemos a poboación ocupada segundo a actividade económica (Cadro V), as cifras serían as seguintes: un 3'8% no sector primario,

un 43'1% na industria e un 42'9% nos servicios. Atopamos tamén un significativo 10'2% na construción, que amosa un crecemento notable no número de vivendas nas zonas urbanas. En canto ó sector primario, dicir que subsisten uns núcleos agrarios nas parroquias máis interiores e un número pequeno, pero apreciable, de persoas que se adican ó marisqueo nos ricos bancos da nosa ría, sobre todo de ameixa. Cabe salientar neste apartado a figura do traballador simbiótico, neste caso do obreiro dos estaleiros que se adica dun xeito parcial ós cultivos do campo para, fundamentalmente, o autoconsumo. Este fenómeno –como xa espuxemos anteriormente– foi un atenuante moi importante para afrontar a forte crise naval e os fortes efectos de prexubilación e paro. No tocante á distribución da poboación ocupada por actividade e sexo, diremos que é nos servicios onde porcentualmente as mulleres case alcanzan ós homes, do mesmo xeito que sucede –como cabería esperar segundo a tónica xeral de Galicia– na agricultura, aínda que este último dato non sexa indicador de ningún proceso de modernización. Debemos, tamén, destacar que na zona máis rural é apreciable a produción láctea, así como unha maior atención á riqueza forestal.

Fagamos agora un pequeno percorrido polo coñecemento do idioma galego (Cadro VII). Enténdeno a práctica totalidade da poboación, sábeno falar un 88'1%, leno un 55'3% e un 35'8% escribendo. En canto o seu uso (Cadro VIII), diremos que o fálan sempre un 28'8%, ás veces un 56'7% e nunca un 7'6%. Debemos ter en conta que son porcentaxes onde se atopan incluídos traballadores foráneos a Galicia e que viñeron a este concello na época florecente de Astano.

Para finalizar, quixéramos facelo atendendo a unhas reflexións que coidamos poden resultar clarificadoras. Fene tivo unha forte expansión urbana –ás veces pouco planificada– nos últimos vintecinco anos, que fixo que se conformasen unha serie de servicios, como a presenza de varias entidades bancarias e un, xa hoxe fortalecido, sector hosteleiro. Tamén debemos mencionar unhas actividades –algunhas tradicionais e outras máis novas– que atraen á xente foránea, como poden ser a *Festa do Pote* en Maniños ou a *Festa do cabalo* en Magalofes. Merece salientarse a posta en marcha do *Museo do Humor*, que engloba numerosas obras de artistas galegos e internacionais. Vaia a nosa última reflexión cara a manifestar a presenza neste municipio dun forte tecido asociativo que cumpre unha importante función dinamizadora. Pensamos, tamén, que somentes coa

unificación de esforzos entre as forzas sociais presentes nos municipios desta bisbarra é como se pode conquistar un novo e diversificado despegue socioeconómico.

PONTEDEUME

Atopámonos diante dun municipio cun rico pasado histórico, que contén importantes fitos, dende o poboado romano de Centroña ata o mandato dos Conde de Andrade. No século XV, prodúcese a revolta dos Irmandiños, unha das mobilizacións campesiñas máis importantes da Europa dese século. Aínda hoxe podemos ver á entrada da ponte sobre o Eume a simboloxía desa época, representada polo oso e o xabarán.

Contaba Pontedeume en 1996 con 8.881 habitantes, organizados territorialmente en oito parroquias, aínda que máis da metade sitúanse na propia vila. O municipio ten unha superficie de 29'1 km.², e nos últimos quince anos foi ganando en poboación como o demostran as súas densidades: 285'8 hab/km² en 1971, 299'7 hab/km² en 1991 e 301'8 hab/km² en 1996. A pesares dun crecemento vexetativo negativo, produto da baixa natalidade, ten entre 1991 e 1996 un saldo migratorio positivo que determina un crecemento absoluto neste sentido. Un 19'8% dos seus habitantes conta na actualidade con máis de 60 anos.

Se atendemos agora ó cadro que nos amosa os estudos realizados (Cadro IV), atopamos que un 2'0% da poboación son analfabetos, un 20'7% non posúen ningún tipo de formación regrada, un 37'1% e un 33'6%, respectivamente, manifestan ter estudos de primeiro e segundo grao. Con diplomaturas aparece un 3'8% e con estudos superiores un 2'8%, o que nos leva á conclusión de que na variable dos estudos este municipio sitúase na media provincial e un pouco por riba da media galega.

En canto á poboación ocupada segundo á actividade económica (Cadro V) encontramos en segundo lugar o sector servicios, cun 52'0%, seguido da industria (25'2%), a agricultura (7'9%) e a pesca (2'0%). Esta porcentaxe da agricultura (na que a maioría son mulleres) corresponde a familias das parroquias do interior, que son as que abastecen os mercados locais e os feiróns semanais de verduras e queixos. Tocante ás industrias, debemos dicir que existen empresas de materias de construción e de

maquinaria agrícola, así como aoutras adicadas á madeira e ós seus derivados; aínda que, de tódolos xeitos é obrigado dicir que a maior parte dos traballadores industriais que residen neste concello desenvolven a súa actividade productiva noutros municipios (Ferrol, Fene, As Pontes). Debemos destacar un vigoroso sector da construción que engloba a un 12'9% da poboación ocupada e que puxo en pé toda unha serie de bloques que acolleron a estes traballadores que realizan a súa labor en industrias foráneas ó concello.

Mención á parte merece o sector servicios. A Vila de Pontedeume é centro comercial da súa bisbarra, e tamén un polo de atracción para actividades de paseo e ocio para ás xentes de outros municipios, incluíndo ó propio Ferrol. O comercio é florecente na vila, extendéndose ó famoso *Feirón* de tódolos sábados.

Pero existe algo neste municipio que, ó noso xuício, é fundamental en calquera análise: a paisaxe, os bens culturais e o turismo. Tres termos que van indisolublemente unidos. Na propia vila atopamos o Torreón dos Andrade, o Convento de San Agustín (hoxe Casa da Cultura) e a Igrexa de Santiago. Nos arredores encontramos o templo románico de San Miguel de Breamo, o Castelo dos Andrade e, internándose polas fragas do Eume, achegámonos ó Mosteiro de Caaveiro. Fermosas praias marcan a súa costa: Centroña, Ber e Perbes; sen esquecer a famosa praia do veciño municipio de Cabanas. Todo este conxunto fai que o turismo sexa unha actividade clave en Pontedeume e que nun futuro próximo debe desempeñar un papel preponderante.

Pasemos agora a observar o coñecemento do idioma galego que teñen os habitantes de Pontedeume (Cadro VII). Enténdeno e sábeno falar case a súa totalidade. Leno un 58'7% (a segunda porcentaxe máis alta de tódolos municipios obxecto da nosa investigación) e escribno un 44'8%. En canto ó seu uso (Cadro VIII), un 34'7% manifestan falalo sempre, un 57'7% ás veces e somentes un 5'8% di non usalo nunca. Como podemos observar o galego está moi vivo neste concello e está presente en toda a súa dinámica social.

Queremos finalizar dicindo que Pontedeume goza, ademáis, dunha posición estratéxica entre A Coruña e Ferrol. Se unimos isto á súa beleza e patrimonio artístico, podemos dicir que a construción da autopista A Coruña-Ferrol non ten por qué supor un problema para esta vila, xa que posúe

os atractivos suficientes de seu, para que coruñeses e ferrolán se acheguen ás súas rúas e praias. Por iso pensamos que a autopista –coa conseguinte desconxestión dos tapóns de tráfico que se producían na ponte– pode resultar beneficiosa para Pontedeume e o seu futuro.

BETANZOS

Encontrámonos ante un municipio cunhas fondas raigames históricas e que foi (século XVI) unha das sete capitais de Galicia. Máis tarde, perde importancia debido á expansión do porto da Coruña e ó pouco calado da súa Ría, ademáis de perder a súa capitalidade en 1834. Nembargantes, volveu a coller centralidade gracias ó ferrocarril, e hoxe en día constitúe un importante eixo entre A Coruña, Ferrol, Santiago e Lugo; convertíndose en centro comercial con Partido Xudicial e importantes feiras. Falar de Betanzos é tamén falar do viño e a súa tradición, que nos ven dende comenzos do século XIV.

Ten unha superficie de 24'3 km² que se reparte en sete parroquias. A súa poboación, segundo o avance de resultados do Padrón Municipal de 1996, é de 12.299 habitantes, vivindo na vila máis das tres cuartas partes do total. A súa densidade poboacional foi medrando nos últimos quince anos: 469'3 hab./km², en 1981, 491'9 hab./km², en 1991, e 507'1 hab./km² en 1996. Aínda que baixou a tasa de natalidade, o saldo migratorio positivo foi suficiente para dar, no período 91–96, un crecemento absoluto de 369 persoas. Un 21'4% dos seus habitantes conta con máis de 60 anos, situándose moi perto da media galega.

Se analizamos a poboación de máis de dez anos, segundo os estudos realizados (Cadro IV), atopamos os seguintes datos: un 1'2% de analfabetos, un 17'8% que din non ter ningunha clase de formación regrada, e un 42'9% e un 32'2%, respectivamente, con estudos de primeiro e segundo grao. Son diplomados un 3'8% e teñen unha formación superior un 2'6%. Se establecemos a comparación coa media galega este municipio sitúase dun xeito lixeiramente ventaxoso.

En canto á poboación ocupada segundo a actividade económica (Cadro V), amósasenos un cadro onde destaca claramente o sector servizos (52'2%), seguido da industria (23'8%) e a agricultura (8'9%). Tamén

é significativo que un 14'7% se dedica á construción, o que indica un forte aumento na construción de vivendas que ampliaron (ás veces dun xeito non moi racional ou estético, aínda que últimamente parece que se mellorou neste aspecto) a súa trama urbana. Con respecto ós servizos, é primordial o comercio (tamén o maiorista) e os dedicados ó ocio, produto –os dous– da xa aludida centralidade de Betanzos. Na industria parece empresas adicadas á transformación da madeira, a materiais de construción, elaboración dos viños, industrias químicas, téxtil e alimentación. Como podemos observar posúe este municipio unha aceptable diversificación industrial. As actividades agrarias céntranse no cultivo das vides e o lúpulo, así como produtos de calidade na súa horta (froito do seu especial microclima) e que fornecen os mercados e as súas feiras periódicas. Tamén hai que dicir que conta cunha apreciable cabana porcina e, en menor medida, vacuna. E é precisamente no sector agrario onde a proporción de mulleres supera amplamente á dos homes, que se desprazaron ó traballo industrial.

Con respecto ó coñecemento do galego (Cadro VII), as cifras amósannos que o entenden e sabeno falar a práctica totalidade da poboación, leno un 40'8% e escribno un 26'4%. En canto ó seu uso (Cadro VIII), temos que dicir que un 35'1% comunícase sempre en galego, un 53'8% ás veces e somentes un 4'8% non o utiliza nunca.

Foi a nosa intención deixar para o final os recursos monumentais e turísticos que, pensamos, constitúen un importante foco de atracción dotado dunha gran beleza e cun forte sentido histórico. Betanzos está declarado Conxunto Histórico–Artístico, e conta coas fermosas igrexas de Sta. María do Azogue, de Santiago, de Sta. María do Camiño e Sto. Domingo. No Convento de San Francisco atópase o precioso monumento funerario de Fernán Pérez de Andrade, o Bo, (coa simboloxía do oso e o xabarín). Tamén paga a pena destacar o Arquivo de Galicia e as casas da xudería. Mención especial para as murallas e o empedrado das rúas. A Casa do Concello, a casa colonial dos Núñez e os pazos de Bendaña e Lanzós resaltan todo o conxunto. Non podemos esquecer o nomear a inxente laboura dos irmáns García Naveira, cunha especial lembranza para o Xardín do Pasatempo.

Houbo en Betanzos un forte asociacionismo cultural que hoxe se traduce en multitude de servizos: Arquivo, Museo das Mariñas, Casa da Cultura e Biblioteca. A actividade de promoción cultural abarca multitude de facetas: as famosas «balconadas» (teas pintadas que se penduran dos

balcóns, con motivo da Bienal de Arte que ten lugar na vila), cursos de gravado, e unha longa serie de actos moi variados, como o lanzamento do famoso *Globo de Betanzos*, ou a *afesta dos Caneiros* co seu percorrido fluvial.

Betanzos atrae a gran número de visitantes ó longo do ano e a fidalguía das súas xentes fai que os visitantes se integren rápidamente nos seus costumes e tradicións. As súas adegas de viño, de forte sabor antropolóxico, son unha visita obrigada,.

MESÍA

Este municipio conta, segundo o avance de resultados do Padrón de 1996, cunha poboación de 3.521 habitantes, que se reparten entre os seus 105'8 km.² que se estruturan en doce parroquias. Atopamos, neste aspecto, unha situación curiosa que ven dada polo lugar de Bruma que se encontra fora do perímetro municipal, entre Abegondo e Ordes. Ó longo do noso traballo de campo desta investigación estivemos en Bruma, por onde pasa o Camiño Inglés que ven do Porto do Faro, na Coruña, e tamén os camiñantes que, dende Ferrol e Neda, se dirixen a Compostela. Alí situábase un hospital para peregrinos e hoxe está en proxecto a construción dun albergue.

Mesía é un concello fundamentalmente agrario, que leva décadas perdendo poboación, debido non só a unha baixa nas taxas de natalidade, senón a unha forte emigración. A súa densidade de poboación é moi baixa, pasando de 41'8 hab./km² en 1981, a 33'3 hab./km² en 1996. Na década dos 90 presenta signos negativos no seu saldo migratorio e nos crecementos vexetativo e absoluto. Todo isto deu lugar a un forte envellecemento da súa poboación, que conta cun 27'1% de maiores de 60 anos, a porcentaxe máis alta de tódolos concellos obxecto da nosa investigación.

Se observamos o cadro de estudos realizados, atopamos un 6'0% de analfabetos, un 54'4% que manifesta non ter ningún tipo de estudos, un 17'7% que di ter unha formación de primeiro grao e unha porcentaxe do 20'8% para o segundo grao. En canto a estudos universitarios, aparece un 1'1%. Estas cifras amosan un pequeno nivel de formación regrada, moi por baixo das medias provincial e galega e que se corresponde cunha estrutura tradicional e rural.

En canto á poboación ocupada segundo a actividade económica (Cadro V), encontramos os seguintes datos: un 56'8% para a agricultura, un 11'8% na industria e un 19'0% nos servizos. Temos un 12'4% na construción, que se corresponde coa mellora das vivendas tradicionais e co traballo deste sector noutros municipios. Estes números non nos teñen que levar a pensar nun inmobilismo neste municipio. En Mesía levouse a cabo a concentración parcelaria reducíndose o número de explotacións case á metade, introduxéronse novas técnicas de cultivos forraxeiros, melloráronse as razas de gando, introducíronse técnicas para muxir, así como tanques de frío para o leite. En definitiva, levouse a cabo un proceso de modernización na súa base agropecuaria, e hoxe Mesía presenta unhas boas cabanas vacuna e bovina; así mesmo, atendeuse á súa riqueza forestal. Con respecto ó pequeno sector industrial, diremos que destaca unha fábrica de materiais de construción, así como un par de telleiras, que nun dos casos foi impulsada grazas a unha moderna tecnoloxía. O resto dos traballadores industriais e unha boa parte dos do sector servizos levan a cabo a súa laboura nos veciños municipios de Ordes e Curtis.

No referente ó coñecemento do idioma galego (Cadro VII), diremos que enténdenno e fálanlo a práctica totalidade da poboación, leno a metade e escribénno pouco máis dun tercio. En canto ó seu uso (Cadro VIII), da unha das porcentaxes máis altas de tódolos municipios que percorremos neste estudo. Fálanlo sempre un 93'7%, e non existe ninguén que non o utilice nunca. Como podemos observar, esta estrutura fundamentalmente agraria fai que o uso do galego sexa aplastantemente maioritario.

Quixéramos finalizar este apartado volvendo a destacar este proceso de modernización levado a cabo no sector primario, e que cunha especial atención a gandería logrou cambios importantes en Mesía, situándoa como modelo de referencia para distintos lugares doutros concellos.

ORDES

Este municipio é atravesado polos peregrinos que se dirixen a Compostela. Felipe II, en 1544, pernoctou no lugar de Calle, correspondente á parroquia de Poulo, tal e como poidemos comprobar –este equipo de investigación– grazas á inscrición que se atopa no lintel da porta dunha vivenda.

Ordes é un municipio extenso (157'8 km.²), que contaba en 1996 con 11.893 habitantes e que ten un crecemento demográfico continuo a partires da década dos setenta. As densidades de poboación dos últimos quince anos veñen a corroborar este dato: 70'4 hab./km² en 1981, 74'4 hab./km² en 1991 e 75'6 hab./km² en 1996. Neste mesmo sentido maniféstanse as cifras do Cadro II, onde se amosa un crecemento absoluto positivo para o período 1991–96. A porcentaxe de poboación maior de sesenta anos sitúase nun 18'7%, lixeiramente inferior ás medias provincial e galega.

Se analizamos a distribución da poboación maior de dez anos, segundo os estudos realizados (Cadro IV), atopamos un 4'5% de analfabetos, un 42'2% que di non ter estudos, un 27'0% cunha formación de primeiro grao e un 23'9% para unha ensinanza de segundo grao. En canto a estudos universitarios, as porcentaxes sitúanse por baixo da media galega, con un 1'3% para os diplomados, e un 1'1% para os estudos superiores. Como podemos observar, os recursos humanos deste concello teñen unha escasa formación.

En canto á poboación ocupada por actividade económica (Cadro V) vemos que a porcentaxe dos servicios, 33'2%, supera xa á da agricultura, 27'1%, mentres que para a industria atopamos un 19'2%. Debemos salientar un vigoroso sector da construción que engloba a un 20'4% da poboación ocupada e que conta con empresas dun xa significativo tamaño. No que respecta ó sector agrario hai que dicir que aparece unha boa cabana bovina, con produción láctea, así como unhas taxas apreciábeis no porcino. Tamén debemos mencionar a súa riqueza forestal e unha orografía que se distingue pola planicie e que falicitou a concentración parcelaria e a especialización gandeira. A proporción de homes e mulleres neste sector primario é practicamente a mesma. Esta equiparación en canto ó sexo, aínda que non en condicións de igualdade, encontrámola tamén nos traballadores industriais debido a gran cantidade de mulleres que levan a cabo a súa labor, como man de obra barata, no subsector do téxtil. Non debemos esquecer, neste ámbito, a influencia clara do cercano polígono de Tambre. Nos servicios observamos unha diversificación que inclúe actividades comerciais, hostelerías, administrativas, educativas e sanitarias. Todas elas correspondentes a súa situación de cabeceira comarcal. Tamén debemos sinalar que en Ordes se enclavan certas empresas, relativamente importan-

tes, do comercio ó maiorista. Na vila celébranse importantes feiras, como a de Expofegase, de carácter anual e, mensualmente, a de Fegase, onde tamén se expón maquinaria agrícola. Merece unha nominación especial a *Festa do Queique*, que é un doce típico de Ordes.

En canto ó coñecemento do galego debemos dicir que o entenden e o falan case o 100% dos habitantes, leno o 31'8% e escribénlo o 21'7%. Nos dous últimos casos as proporcións son baixas, o que fai que pensemos na correlación que podemos establecer co baixo nivel medio de estudos co que conta a súa poboación. No tocante o seu uso, podemos asegurar que é maioritario e cáseque exclusivo: un 88'1% di falalo sempre e un 8'9% ás veces.

Finalizaremos cunha reflexión. Ordes sitúase entre A Coruña, e Santiago, e benefíciase deste enclave, aproveitando o fluxo que se xenera entre estas cidades, facendo súa a capacidade económica de ámbalas dúas para o seu crecemento.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Compostela é o centro e final de tódolos Camiños de Santiago e constitúe un polo de atracción para os peregrinos que, dende o momento da súa partida, soñan coa entrada na Catedral.

O municipio de Santiago é extenso, conta cunha superficie de 223'6 km², estruturada en vinte parroquias. A poboación, segundo o Padrón de 1996, era de 93.672 habitantes, dos cales máis do oitenta por cento viven na propia cidade. O crecemento foi constante ó longo dos últimos anos, tal e como nos amosan as densidades de 1981, 1991 e 1996, que, respectivamente, son: 373'6 hab/km², 392'7 hab/hm² e 424'7 km². Falar da demografía en Santiago supón o antepoñer a importancia que teren a poboación transeunte e a flotante, coa conseguinte diferenza que se produce entre os habitantes de feito e de dereito. Todo isto ven explicado, fundamentalmente pola presenza de tres fenómenos: a Universidade, o Hospital Xeral de Galicia e a Administración Autonómica. Por suposto que a atracción relixiosa que significa Santiago é un importante factor engadido a ter en conta. O gran incremento na matriculación de estudantes na Universidade, nos anos sesenta, e a posta en funcionamento en 1975 do Hospital Xeral de

Galicia (coa correspondente oferta de postos de traballo) fixo que se incrementase considerablemente a cidade e a súa poboación. Na década dos oitenta, Santiago convírtese na capital de Galicia e na sede do Goberno Autonómico e do seu Parlamento, o que se traduce nun novo crecemento e, sobor de todo, nunha maior afluencia de persoas que acoden a resolver os seus trámites administrativos. A finais desta década atopamos outro feito que, nesta ocasión, contribuirá a destacar o proceso de incremento de poboación, e que ven dado pola reestructuración do sistema universitario galego, que desembocará na creación de tres Universidades e sete Campus. Diremos, tamén, que na totalidade do municipio o envellecemento é baixo, pois atopámonos cunha porcentaxe do 16'2% de poboación maior de sesenta anos.

Se facemos unha disección por estudos realizados (Cadro IV) temos un 1'7% de analfabetos, un 16'4% que din non poseer estudos de ningún tipo, e un 31'7% e un 36'0% que, respectivamente, manifestan, ter rematada a súa instrucción de primeiro e segundo grao. É lóxico que a porcentaxe de poboación con estudos superiores sexa moi elevada (diplomaturas 5'6% e licenciaturas e outros, 8'6%), polas características enunciadas anteriormente.

En canto á análise da poboación ocupada por actividade económica (Cadro V), atopámonos con un 3'8% na agricultura, un 14'3% no tecido industrial e un rotundo e significativo 72'0% para os servicios. O medio rural sufriu o fluxo emigratorio das décadas dos sesenta e os setenta e, polo tanto, envelleceu; o que conleva uns índices cada vez menores no seu saldo vexetativo. Ó mesmo tempo, o crecemento xeográfico da cidade fixo que se incorporase a ela o entorno rural máis próximo. En canto ó sector industrial, dicir que –aínda que eclipsado polo terciario– ten unha presenza que non se pode obviar. En Santiago están radicadas empresas galegas importantes, como poden ser Televés ou FINSA. Merece, tamén, un comentario o feito de que un 9'7% da poboación activa pertenza ó sector da construción, que fai fronte ó incremento no parque de vivendas da cidade.

Atención á parte merecen os servicios, neste sentido cabe destacar, en primeiro lugar, o terciario público, xa que o 57'3% da poboación activa podémolo encadrar neste apartado. Merece tamén a nosa atención o feito xerado pola poboación estudiantil, que por mor do aluguer de pisos segue a ser unha importante fonte de ingresos para a cidade, ó tempo que produce

unhas amplas demandas de librerías, restaurantes, hostais, cafeterías e diversas actividades relacionadas co ocio da xuventude. Mención especial merece o comercio –no que se está a producir unha modernización–, que cumpre dúas funcións principais: por unha banda, servir de abastecemento a un amplo entorno, por ser Santiago cabeceira da súa comarca; e por outro, o atender á gran afluencia turística que por motivos relixiosos, artísticos ou culturais recala en Compostela. Neste senso, debemos anotar o importante fenómeno que supuxo o «Xacobeo 93», que –mediante a importante promoción que se fixo do Camiño de Santiago– xerou unha gran afluencia de visitantes, que, aínda que en menor escala, continuou nos anos posteriores. En canto á distribución segundo o sexo, diremos que no sector terciario as porcentaxes practicamente se equiparan.

Se analizamos o coñecemento do galego (Cadro VII), diremos que enténdeno un 96'5%, sábeno falar un 90'7%, leno un 63'1% e escribendo un 44'7%. No tocanto ó seu uso (Cadro VIII), falan sempre o idioma galego un 38'1% dos santiagueses, ás veces un 48'8% e non o utilizan nunca un 7'1%.

En Santiago mistúranse os mundos relixioso, universitario e político, e é de desexar que unha conxunción armónica de todos eles logre levar a cabo un proxecto de cidade, xa de sempre marabillosa en sí mesma, desexable para habitar.

NEGREIRA

Dise que Negreira foi a Nicraria Tamara do romanos, por onde pasaba a calzada que viña de Caldas de Reis, e aquí sitúase a lenda que narra como se salvaron os discípulos que trouxeron o corpo do Apóstolo ó afundirse, milagrosamente, a ponte sobre o río Tambre e quedar ó outro lado os soldados romanos. Este feito quedou recollido no propio escudo do concello. Hoxe en día Negreira é paso dos peregrinos que, deixando atrás Compostela, diríxense cara ó Finisterrae.

A superficie deste municipio é de 115'3 km², contando cunha poboación, segundo o padrón municipal de 1996, de 6.707 habitantes, que se distribúen en dezaoto parroquias. Dende comenzo da década dos setenta ven perdendo poboación, debido a un saldo migratorio negativo que se

dirixía, fundamentalmente, a Santiago. Parece que nos últimos anos se produce unha estabilización, tal e como nos amosan as cifras de densidade de poboación de 1991 e 1996, que son, respectivamente, de 58'0 hab/km² e 58'3 hab/km². Neste mesmo período o crecemento absoluto é lixeiramente positivo. Debemos, tamén, recoller un envellecemento da poboación (Cadro III), que da unha porcentaxe dun 25'0% para os maiores de 60 anos, convertíndose na segunda cifra máis alta dos municipios obxecto da nosa análise.

En canto á poboación de 10 e máis anos, segundo os estudos realizados (Cadro IV), obtemos os seguintes datos: un 4'7% de analfabetos, un 44'9% que di non poseer ningunha clase de estudos, un 23'6% cunha formación de primeiro grao e un 23'9% para o segundo grao. En canto a estudos universitarios, temos que dicir que nas diplomaturas aparece un 1'6% e un 1'3% nas licenciaturas e na formación técnica superior.

Se observamos a poboación ocupada por actividade económica (Cadro V) obtemos as seguintes porcentaxes: un 37'9% na agricultura, un 13'3% na industria e un 32'9% nos servicios. Hai que destacar un 15'9% que se adica á construción e que levantaron as edificacións (con escasa ordenación urbanística) que recollerían ós habitantes que se desplazaban das parroquias ruais cara á vila. En canto ó sector primario, é convinte falar do importante factor de desenvolvemento que representou a concentración parcelaria, logrando reducir, en vinte anos, o número de parcelas á cuarta parte. O que supuxo un forte pulo para a gandeiría, aínda que non debemos esquecer a explotación forestal. Negreira está rodeada de importantes municipios gandeiros, como Santa Comba, Mazaricos, A Baña e outros. Todo isto supón a centralización dunha produción láctea que o municipio obxecto do noso estudo recolle para a industria de transformados do leite. Aséntanse tamén neste concello todo un importante conxunto de subministros agropecuarios, debemos salientar a forte cooperativa agroindustrial que serve de motor para os procesos de desenvolvemento e modernización nesta zona. Tal e como vimos, o sector industrial está centrado na explotación dos recursos endóxenos, e o sector terciario aséntase na vila pretendendo cubrir as necesidades máis inmediatas da poboación, posto que para outro tipo de servicios mira cara a Santiago, que se atopa a vinte quilómetros.

Se observamos o Cadro VII, amósasenos o coñecemento do galego. Sábennos falar e entendenos a práctica totalidade da poboación, leno a

terceira parte e escribén un 28'7%. En canto ó seu uso, podemos dicir que fálanos sempre un 70'8% e ás veces un 25'9%. Somentes un 0'4% di non utilizar nunca o idioma galego.

Non quixéramos finalizar sen volver a falar do forte cooperativismo e a súa tradición dende comezos de século, cando apareceron asociacións agrarias que tiveron unha especial relevancia, chegando a promover tres periódicos, que cumpriron unha importante función de crítica ante actitudes de abuso de poder e que serviron como un importante axente dinamizador.

CORCUBIÓN

A súa relevancia histórica data da Idade Media, cando tiña unha notable flota que estableceu contactos comerciais coa República de Venecia. Hoxe podemos observar na súa igrexa principal un fermoso San Marcos Veneciano, xunto coa simboloxía de Rodrigo de Moscoso e Xoana de Castro. Por alí pasaban os peregrinos que, deixando atrás Santiago, se dirixían a observar o infindo océano que bate incesante as costas de Fisterra.

Corcubión é un pequeno municipio de 7'6 km², que conta con 2015 habitantes estruturados en dúas parroquias: Redonda e Corcubión. Máis das tres cuartas partes da súa poboación concéntrase no núcleo urbano. Nos últimos quince anos veu estabilizada a súa densidade de poboación, aínda que cunha tendencia á baixa, tal e como amosan as súas densidades poboacionais de 1981 e 1996, que son, respectivamente, de 324'4 hab/km² e 309'2 hab/km². O crecemento absoluto entre 1991 e 1996 foi negativo. No tocante ó envellecemento da poboación, diremos que un 18'3% conta con máis de 60 anos.

En canto á análise da súa poboación de máis de dez anos, segundo os estudos realizados, observamos no Cadro IV que existen un 2'0% de analfabetos, un 21'4% que di non poseer estudos de ningunha clase, un 39'5% cunha formación de primeiro grao e un 30'2% correspondente ó segundo grao. No tocante ós estudos superiores atopámonos cunha cifra dun 6'9% que supera ampliamente as medias provinciais e galega, situándose dun xeito claro nos referentes que proporcionan os conxuntos urbáns galegos.

Na súa estrutura económica atopamos un 2'4% dos ocupados no sector agrario, onde se reduciron o número de explotacións cunha intensa concentración parcelaria. Os cultivos son de horta e conta cunha boa explotación forestal. A pesca ten pouca importancia (2'3%), concentrándose ésta no veciño municipio de Fisterra. Na industria aparece un 15'1% que están ligados ó subsector da madeira e a empresas que están radicadas en Cee. Pero a economía de Corcubión ven marcada polo sector dos servizos, que engloba ó 67'9% da súa poboación ocupada. As funcións administrativas son múltiples e variadas: é sede de partido xudicial e conta cun Rexistro da Propiedade, Oficina de Recaudación, Servicio de Extensión Agraria e Notaría. Un subsector importante é o dos transportes marítimos e terrestres. Do seu porto saen os barcos que sirven para a exportación de madeira de pino e eucalipto, cara a Casablanca e Tanger. O comercio tamén conta cunha importante diversificación, servindo de centro para a toda a súa bisbarra, incluídos os municipios limítrofes. Unha relevancia especial ven dada polo turismo, e tódolos servizos hosteleiros que nel se ven implicados e que alcanzan unha notable calidade, o que fai prever un esperanzador futuro neste aspecto. Conta tamén cun 12'3% de ocupados que se adican á construción, aínda que ésta viuse frenada polo estancamento da poboación.

Se observamos o Cadro VII amósanos os datos correspondentes ó coñecemento do idioma galego. Enténdeno e sábeno falar arredor do 90%, leno o 41'2% e escribendo o 35'9%. En canto o seu uso, fálanlo sempre un 25'4% da poboación, e ás veces un 67'0%. Non o utilizan nunca somentes un 3'0%.

Non queremos finalizar sen destacar a boa labor de ordenación urbanística levada a cabo nesta vila, conxugando harmónicamente as novas construcións cun fermoso conxunto de pazos e casas señoriais que forman unha espléndida mostra de arquitectura civil. Recibiu a declaración de Conxunto Histórico-Artístico en 1985. Neste aspecto, Corcubión convértese nun referente para outros concellos que desexen alcanzar unha sincronía urbanística entre o tradicional e o actual.

FISTERRA

Durante séculos, neste lugar rematábase toda a terra coñecida e abríaase diante dos ollos o grandioso e tenebroso mar. Din as lendas que aquí estaría o Ara Solis. Temos constancia de que dende a Idade Media había peregrinos que deixando tras de si Compostela se achegaban ata este fin da terra. Hoxe son moitos os que se achegan a igrexa de Sta María das Areas para venerar ó Cristo das Barbas Douradas. En dita igrexa existe unha Porta santa que se abre, tal como a da Catedral santiaguesa, tódolos anos nos que o vintecinco de xullo coincide en domingo. A finais do século XV constrúese un hospital de peregrinos.

Fisterra ten unha extensión de 28'4 km.² e conta, segundo o Padrón Municipal de 1996, con 5.397 habitantes, que se distribúen en catro parroquias. A súa densidade poboacional permanece estable nas últimas décadas, arroxando uns altos valores: 180'9 hab./km² en 1981, e 183'5 hab./km² en 1996. En canto ó envellecemento da poboación (Cadro III), encontrámonos cunha porcentaxe do 15'7% para os maiores de sesenta anos.

O Cadro IV sitúanos ante as porcentaxes de poboación de dez e máis anos, segundo os estudos realizados. Fisterra conta cun 6'2% de analfabetos, un 37'4% que manifesta non ter ningún tipo de estudos, un 30'2% cunha formación de primeiro grao e un 25'1% para o segundo grao. A porcentaxe de persoas con estudos universitarios é a máis baixa de tódolos concellos obxecto da nosa investigación, situándose no 1'1%.

Se observamos a poboación ocupada por sectores de actividade económica, atopamos que destaca dun xeito claro un 36'3% que se dedican ás faenas do mar. Fisterra é un centro pesqueiro de gran importancia que vive cara ó mar. Esta actividade pesqueira da lugar a que aparezan toda unha serie de empresas que se moven ó seu arredor: carga e descarga, aprovisionamento dos barcos e administración específica. Os servicios, adicados a estes menesteres e ó turismo, engloban a un 30'4% dos ocupados. Outros sectores económicos son xa máis residuais, como a agricultura (10'5%) ou a industria (9'4%). É preciso sinalar un bo aproveitamento forestal, e tamén merece unha mención especial a rama da construción (13'4%), que logrou que medrase cuantitativa e cualitativamente o seu parque de vivendas. Se facemos unha división segundo o sexo, diremos que a pesca é case exclusivamente unha ocupación masculina, mentres que nos servicios e a agricultura téndese a un reparto equitativo.

En canto ó coñecemento do galego, encontramos as cifras máis altas dos municipios integrantes da nosa investigación. Enténdeno (99'3%) e sábeno falar (98'2%) a práctica totalidade da poboación. Leno un 52'3% e escribeno un 47'0%. No tocante ó seu uso podemos dicir que un 85'7% falan sempre en galego, e un 11'6% utilízano ás veces. Soamente un 1'1% manifesta non usar nunca o idioma galego. É preciso destacar aquí que, a pesares de ser un municipio con baixas taxas de formación regrada, existe un importante movemento creativo no ámbito das letras. Mostra delo pode ser o denominado Batallón Literario da Costa da Morte.

Unha última consideración virá dada pola percepción de Fisterra como un dos lugares máis simbólicos de Galicia, que conta cunha serie de elementos paisaxísticos e históricos que atraen ós visitantes. O mirador do Monte Facho ofrécenos unha panorámica inigualable, así como o famoso faro que ofrece as súas sinais luminosas e acústicas ó intenso ronsel de barcos que atravesan esta parte do océano.

MUXÍA

Parece que pode afirmarse que as orixes de Muxía están vencelladas ó Mosteiro de San Xiao de Moraime e ó Santuario da Nosa Señora da Barca. Á beira deste último atópanse, en plena ribeira e bañadas polo mar, as moi coñecidas Pedras de Abalar e dos Cadrís, que conlevan un forte fervor relixioso que responde a lenda que nos fala da aparición da Virxe para axudar e auxiliar ó apóstolo Santiago. Daí que moitos peregrinos a Compostela prosigan a súa andaina para achegarse a estes lugares.

Conta cunha superficie de 120'6 km² estruturada en catorce parroquias, e cunha poboación de 6.634 habitantes, segundo o avance de resultados do Padrón Municipal de 1996. A súa poboación, aínda que minguou décadas atrás debido á emigración, hoxe parece que tende a estabilizarse tal e como nos amosan as densidades poboacionais dos últimos quince anos: 58'4 hab/km² en 1971, 55'4 en 1991 e 54'7 en 1996. Incluso podemos dicir que esta lixeira baixa dos últimos cinco anos é debida a un crecemento vexetativo negativo, posto que o saldo migratorio cambiou de signo, alcanzando valores positivos (Cadro II). O envellecemento da súa poboación sitúase parello á media galega cun 21'3% de habitantes maiores de sesenta anos.

Se observamos o Cadro IV amósanos as porcentaxes de poboación de dez e máis anos segundo os estudos realizados. Un 7'7% son analifabetos e un 45'5% manifesta non ter ningún tipo de estudos. Estas dúas porcentaxes son as máis elevadas de tódolos concellos obxecto do noso estudio. Soamentes un 29'6% e un 15'6%, respectivamente, teñen una formación de primeiro e segundo grao. En canto a titulacións universitarias, aparecen uns ínfimos 0'8% para diplomaturas e unha cifra similar en licenciaturas e outros estudos superiores. Estes baixos índices educativos son un obstáculo para introducir determinados procesos de modernización que requiren un nivel formativo adecuado.

Analizaremos a continuación a poboación ocupada por actividade económica. Predomina claramente o sector agrario (38'3%), que reduciu o número de explotacións e incrementou a gandería, especialmente as cabanas de bovino e ovino. tamén merece destacarse a súa riqueza forestal, onde se levou a cabo unha boa laboura de repoboación contínua. Na pesca aparece un 15'3% dos ocupados, e debemos sinalar que a metade dos barcos son pequenos e faenan dun xeito tradicional perto da costa. Aínda que esta porcentaxe é pequena, supón unha boa inxección económica para o desenvolvemento deste municipio. Dédícanse a industria un 7'9%, que traballa na súa gran maioría en pequenas empresas que están ligadas ós recursos propios da zona; e así, aparecen centros de aserrado e de explotación de recursos mariños. Debemos significar que aínda se seguen a conservar os secadeiros do congrio, que realizan a súa produción artesanal como o veñen facendo dende hai séculos. No sector dos servizos traballan un 22'0% dos ocupados, que se centran en comercios, hostelería (que se ve beneficiada polo turismo) e os servizos administrativos. Tamén é preciso falar dun florecente sector da construción (16'5%) que se nutre do traballo que proporcionan, á parte das propias demandas endóxeas, as edificacións destinadas a segundas residencias para xente que ven pasar o período estival a este concello. De tódolos sectores económicos é no dos servizos onde se produce unha maior equiparación entre os homes e mulleres.

No Cadro VII recolleemos o coñecemento do idioma galego, e temos que enténdeno e sábeno falar a práctica totalidade da poboación. Leno un 54'6% e escríbeno un 47'9%. En canto ó seu uso (Cadro VIII) é absolutamente maioritario. Falan sempre en galego o 92'7% dos habitantes e só un 0'6% din non utilizalo nunca.

Por último, hai que dicir que en Muxía seguen a traballar as palilleiras, igoal que en Camariñas, que realizan uns fermosos e recoñecidos encaixes que levan a cabo dun xeito artesanal, e que fan as ledicias dos visitantes que se achegan a observar a súa labor.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

Non é a nosa intención enumerar aquí unha serie de conclusións que se poden extraer da nosa investigación. Pensamos que sería repetitivo, posto que xa se expuxeron ó longo dos distintos apartados do noso estudio. Imos, pois, realizar unha serie de consideracións que pensamos poden conducir a reflexionar sobre algúns aspectos dos que tratamos no noso traballo.

Realicemos unha análise comparativa do presente estudio co que fixemos dos municipios que percorre o Camiño Francés, e que está recollido no primeiro libro de Aulas no Camiño, publicado en 1996. Atopámonos dúas Galiciaas claramente diferenciadas: unha, a do interior, moito máis rural e tradicional, cunhas altas taxas de poboación maior de sesenta anos, cuns niveis máis baixos de estudos realizados e cunha poboación ocupada centrada, fundamentalmente, no sector primario. Outra, a que corresponde co presente estudio, é unha Galicia máis urbana e máis achegada ó litoral marítimo, que conta con máis altas densidades de poboación, ten uns máis baixos índices de envellecemento, unha formación regrada con máis altos niveis e unha poboación ocupada que —excepción feita de Mesía, Negreira e Muxía— desenvolve o seu traballo, fundamentalmente, no sector dos servizos e na industria.

Pensamos que debemos abandonar a imaxe dunha Galicia ancorada no inmovilismo e ver que os procesos de modernización exténdese por todo o noso territorio, aínda que sendo máis avanzados na zona costeira e urbana. Neste senso, podemos observar a crecente formación dun, cada vez máis complexo, tecido asociativo: partidos políticos, sindicatos, cooperativas e asociacións de todo tipo. Todo este conxunto está logrando unha maior vertebración de Galicia, ó mesmo tempo que contribúe a unha aceleración da propia dinámica social que, á súa vez, pode facer emerxer as condicións precisas para xerar procesos de transformación e cambio.

CADRO I

Densidades de poboación			
	1981	1991	1996
Ferrol	1062,7	1006,4	1006,5
Neda	289,0	269,1	259,3
Fene	553,5	549,6	550,3
Pontedeume	285,8	299,7	301,8
Betanzos	469,3	491,9	507,1
Mesía	41,8	34,9	33,3
Ordes	70,4	74,4	75,6
Santiago	373,6	392,7	424,7
Negreira	67,5	58,0	58,3
Corcubión	324,4	322,6	309,2
Fisterra	180,9	186,2	183,5
Muxía	58,4	55,4	54,7

Fonte: Avance de resultados do Padrón Municipal de Habitantes e estadística de poboación de 1996. Xunta de Galicia.

CADRO II

Crecemento vexetativo, saldo migratorio e crecemento absoluto.

1991-1996

	Crecemento vexetativo	Saldo migratorio	Crecemento absoluto
Ferrol	- 1.571	1.574	3
Neda	- 158	- 77	- 235
Fene	- 219	240	21
Pontedeume	- 116	180	64
Betanzos	- 404	773	369
Mesía	- 129	- 34	- 163
Ordes	- 157	346	189
Santiago	602	5.263	5.865
Negreira	- 151	179	28
Corcubión	2	- 89	- 87
Fisterra	- 43	- 37	- 80
Muxía	- 110	19	- 91

Fonte: Avance de resultados do Padrón Municipal de Habitantes e estadística de poboación de 1996. Xunta de Galicia.

CADRO III**Porcentaxes de poboación maior de 60 anos**

Ferrol	21,5%
Neda	22,9%
Fene	18,0%
Pontedeume	19,8%
Betanzos	21,4%
Mesía	27,1%
Ordes	18,7%
Santiago	16,2%
Negreira	25,0%
Corcubión	18,3%
Fisterra	15,7%
Muxía	21,3%

Fonte: Censo de Poboación e Vivendas de 1991. Elaboración propia.

CADRO IV

Porcentaxes de poboación de 10 e máis anos segundo os estudos realizados

	Analfabetos	Sen estudos	1º Grao	2º Grao	Diplomaturas	Estudios Superiores
	%	%	%	%	%	%
Ferrol	1,5	18,7	34,7	36,7	3,7	4,7
Neda	3,3	34,8	33,2	25,8	1,6	1,3
Fene	1,6	20,5	39,7	34,3	2,1	1,8
Pontedeume	2,0	20,7	37,1	33,6	3,8	2,8
Betanzos	1,2	17,8	42,9	32,3	3,2	2,6
Mesía	6,0	54,4	17,7	20,8	0,0	1,1
Ordes	4,5	42,2	27,0	23,9	1,3	1,1
Santiago	1,7	16,4	31,7	36,0	5,6	8,6
Negreira	4,7	44,9	23,6	23,9	1,6	1,3
Corcubiión	2,0	21,4	39,5	30,2	0,0	6,9
Fisterra	6,2	37,4	30,2	25,1	0,7	0,4
Muxía	7,7	45,5	29,6	15,6	0,8	0,8

Fonte: Censo de Poboación e Vivendas de 1991. Elaboración propia.

CADRO V

Poboación ocupada por actividade económica

	Agricultura	Pesca	Industria	Construcción	Servicios
	%	%	%	%	%
Ferrol	1,4	0,7	26,8	6,9	64,2
Neda	5,4	0,5	40,9	10,9	42,3
Fene	3,3	0,5	43,1	10,2	42,9
Pontedeume	7,9	2,0	25,2	12,9	52,0
Betanzos	8,9	0,4	23,8	14,7	52,2
Mesía	56,8	0,0	11,8	12,4	19,0
Ordes	27,1	0,0	19,3	20,4	33,2
Santiago	3,8	0,2	14,3	9,7	72,0
Negreira	37,9	0,0	13,3	15,9	32,9
Corcubión	2,4	2,3	15,1	12,3	67,9
Fisterra	10,5	36,3	9,4	13,4	30,4
Muxía	38,3	15,3	7,9	16,5	22,0

Fonte: Censo de Poboación e Vivendas de 1991. Elaboración propia.

CADRO VI

Poboación ocupada por sexo e actividade económica

	Agricultura		Pesca		Industria		Construcción		Servicios		Totais	
	Homes Mull.		Homes Mull.		Homes Mull.		Homes Mull.		Homes Mull.		Homes Mull.	
	%	%	%	%	%	%	%	%	%	%	%	%
Ferrol	0,8	0,6	0,6	0,1	22,7	4,1	6,5	0,4	40,2	24,0	70,8	29,2
Neda	2,0	3,4	0,5	0,0	34,9	6,0	10,6	0,3	25,0	17,3	73,0	27,0
Fene	1,8	1,5	0,5	0,1	38,6	4,5	9,4	0,7	23,2	19,7	73,5	26,5
Pontedeume	2,7	5,2	1,9	0,1	22,8	2,4	12,3	0,6	29,5	22,5	69,2	30,8
Betanzos	3,3	5,6	0,4	0,1	18,8	5,0	13,9	0,8	31,7	20,4	68,1	31,9
Mesía	35,3	21,5	0,0	0,0	9,2	2,6	11,9	0,5	12,0	7,0	68,4	31,6
Ordes	13,9	13,2	0,1	0,0	10,8	8,4	20,0	0,4	20,5	12,7	65,3	34,7
Santiago	2,1	1,7	0,2	0,1	10,9	3,4	9,1	0,6	39,8	32,1	62,1	37,9
Negreira	19,7	18,3	0,0	0,0	9,7	3,5	15,7	0,2	21,4	11,5	66,5	33,5
Corcubión	1,5	0,9	2,3	0,0	10,5	4,6	11,8	0,4	43,8	24,2	69,9	30,1
Fisterra	5,7	4,8	35,6	0,6	5,1	4,3	13,0	0,5	18,4	12,0	77,8	22,2
Muxía	27,6	10,7	14,9	0,5	5,7	2,1	16,3	0,2	12,1	9,9	76,6	23,4

Fonte: Censo de Poboación e Vivendas de 1991. Elaboración propia.

CADRO VII

Coñecemento do Galego a partires dos tres anos de idade

	Enténdeno	Fálano	Leno	Escríbeno	Non consta
	%	%	%	%	%
Ferrol	95,1	80,8	50,5	31,1	4,9
Neda	98,9	93,2	49,8	34,1	1,1
Fene	96,2	88,1	55,3	35,8	3,8
Pontedeume	98,6	94,3	58,7	44,8	1,4
Betanzos	96,5	91,4	40,8	26,4	3,5
Mesía	97,3	96,9	49,3	37,9	2,7
Ordes	98,9	97,7	31,8	21,7	1,1
Santiago	96,5	90,7	63,1	44,7	3,5
Negreira	98,4	97,7	33,9	28,7	1,6
Corcubión	92,4	90,4	41,2	35,9	7,6
Fisterra	99,3	98,2	52,3	47,0	0,7
Muxía	98,7	98,4	54,6	47,9	1,3

Fonte: Censo de Poboación e Vivendas de 1991. Elaboración propia.

CADRO VIII**Uso do Galego**

	Sempre	Ás veces	Nunca	Non consta
	<i>%</i>	<i>%</i>	<i>%</i>	<i>%</i>
Ferrol	13,3	64,1	15,1	7,5
Neda	44,2	45,4	8,8	1,6
Fene	28,8	56,7	7,6	6,9
Pontedeume	34,7	57,7	5,8	1,8
Betanzos	35,1	53,8	4,8	6,3
Mesía	93,7	1,6	0,0	4,7
Ordes	88,1	8,9	0,9	2,1
Santiago	38,1	48,8	7,1	6,0
Negreira	70,8	25,9	0,4	2,9
Corcubión	20,4	67,0	3,0	9,6
Fisterra	85,7	11,6	1,1	1,6
Muxía	92,7	4,9	0,6	1,8

Fonte: Censo de Poboación e Vivendas de 1991. Elaboración propia.

CADRO IX**Porcentaxes de poboación de 10 e máis anos segundo os estudos realizados**

	Provincia de Coruña	Galicia
	%	%
Analfabetos	3,0	3,0
Sen estudos	27,5	28,1
1º Grao	33,1	34,1
2º Grao	30,6	29,6
Diplomatura	2,7	2,6
Estudios Superiores	3,1	2,6

Fonte: Censo de Poboación e Vivendas de 1991. Elaboración propia.

CADRO X**Porcentaxes de poboación ocupada por sectores de actividade económica e sexo**

	Provincia de Coruña		Galicia	
	Homes %	Mulleres %	Homes %	Mulleres %
Agricultura	8,0	7,7	10,3	10,1
Pesca	3,3	0,2	3,2	0,2
Industria	14,0	5,3	13,6	4,6
Construcción	13,0	0,5	12,5	0,5
Servicios	28,3	19,7	26,2	18,8
Totais	66,6	33,4	65,8	34,2

Fonte: Censo de Poboación e Vivendas de 1991. Elaboración propia.

BIBLIOGRAFÍA

- ARIAS VEIRA, P.: Las 313 Galicias. Equipo de Analistas Socioeconómicos. La Coruña. 1990.
- BALTAR TOJO, R. y VVAA: Construir Europa. Galicia. Fundación Encuentro. Madrid. 1996.
- BLANCO CHAO, R. y GARRIDO FARALDO, S.: Análise da procedencia e características da afluencia turística a Santiago no Xaxobeo 93. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. 1994.
- DAHRENDORF, R.: El conflicto social moderno. Mondadori. Madrid. 1990.
- DE TORRES LUNA, M.P.; PÉREZ ALBERTI, A. y LOIS GONZÁLEZ, R.C. (Edrs.): Os Camiños de Santiago e o territorio. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. 1993.
- DE TORRES LUNA, M.P.: Los Caminos de Santiago y la geografía de Galicia. Rutas, paisajes y comarcas. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. 1995.
- FILGUEIRA VALVERDE, J.: Galicia del Camino. Fundación Alfredo Brañas y Fundación Filgueira Valverde. Santiago de Compostela y Pontevedra. 1991.
- GARCÍA FERRANDO, M. y otros.: Pensar nuestra sociedad. Una introducción a la sociología. Consorci d'Editors Valencians, S.A. Mestral libros. Valencia. 1988.
- GARMENDIA, J.A.: Sociología. Claves para el Estudio y Transformación de la Estructura Social. CIS. Madrid. 1979.
- LEIRA LÓPEZ, J. (Dtor.): Aulas no Camiño: O Camiño Francés. Servicio de Publicacións da Universidade da Coruña. A Coruña. 1996.

LERALTA, J.: Las peregrinas cosas del Camino. La Librería. Madrid. 1993.

MAGARIÑOS, A.: Galicia: Conflicto e supervivencia. Edicións Castrelos. Vigo. 1979.

MARTÍN SANTOS, L.: Diez Lecciones de Sociología. Fondo de Cultura Económica. Madrid. 1988.

ORTEGA, F.: El mito de la modernización. Anthropos. Barcelona. 1994.

PÉREZ VILARIÑO, J.: «Organización social e identidade colectiva». Construir Europa: Galicia. Fundación Encuentro. Madrid. 1996.

PRECEDO LEDO, A. y otros.: Galicia pueblo a pueblo. La Voz de Galicia. La Coruña. 1993.

PRECEDO LEDO, A. y VILLARINO PÉREZ, M.: A poboación de Galicia. A crise demográfica e o seu impacto territorial. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. 1994.

PUIG PICART, T.: Animación sociocultural. Cultura y territorio. Editorial Popular, S.A. Madrid. 1992.

VEIRA VEIRA, J.L. y otros.: A Mocidade Galega: Informe 1993. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. 1993.